

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 11 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación e a modificación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na orde da Consellería de Traballo do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo. Neste sentido, a Xunta de Galicia puxo en marcha un plan de choque contra a crise en que están implicadas diversas consellerías e no cal a de Traballo e Benestar se compromete a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar as súas competencias, ao mesmo tempo que adquirir unha experiencia profesional, e para que obteñan un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias, polo que xa se destinan un importe adicional de tres (3) millóns de euros para os programas mixtos de formación e emprego.

Dado que esta orde establece que os importes fixados nas aplicacións previstas nela poderán ser incrementados ou minorados en función das solicitudes que se presenten e das axudas e subvencións que efectivamente se concedan, e como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos finalistas para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que se puidesen establecer Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou nas disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e que se autorizaron os correspondentes expedientes de incorporación e de transferencia de créditos de fondos finalistas que afectan os importes das citadas aplicacións, procede darlles a oportuna publicidade, en cumprimento do disposto nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Ampliase o importe total dos créditos para o financiamento das axudas previstas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento nunha contía de 31.287,49 € na aplicación 48.04.322A.460.2, código de proxecto 2001 14 440.

2. Como consecuencia das baixas tramitadas nas aplicacións en que existían remanentes, modifícase o importe dos créditos para o financiamento das axudas previstas na dita Orde do 30 de decembro de 2008, código de proxecto 2001 14 440, na aplicación 48.04.322A.460.2, incrementándose nun importe de 2.174.703,21 €.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 12 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo para a execución das axudas da Orde do 4 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, e se convocan para o ano 2009.

Pola Orde do 4 de xuño de 2009 (DOG nº 112, do 10 de xuño), establecénselle as bases reguladoras das axudas destinadas ás explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, e convócanse para o ano 2009.